



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2021-2022

- Normativa:

- Orde do 6 de maio de 2021 (DOG 20/05/2021)
- Extracto da Orde do 6 de maio de 2021 (DOG)

- Prazo de presentación de solicitudes

- do 21 de maio ata o 22 de xuño de 2021.

- Lugar de presentación:

- Na secretaria do centro (solicitando cita previa no teléfono 982 21 24 69), ou por vía electrónica empregando os formularios normalizados dispoñibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)

- Obxecto da convocatoria:

- Fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º e 6º de EP
- Axudas para adquirir libros de texto ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP
- Axudas para material escolar destinadas ao alumnado matriculado en EP

- Requisito:

- Devolver os libros de texto que se lles prestaron polo programa de fondo de libros no curso 2020-2021 (***data límite da devolución 22 de xuño***). Esperar instrucións concretas para proceder á entrega dos libros no centro.
- O alumnado de 1º e 2º de E. Primaria NON ten que devolver os libros de texto.

- Contía das axudas para fondo libros (3º,4º, 6º de E. Primaria)

- alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: seis (6) libros
- alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: catro (4) libros de texto

(O número de libros que se indica é o mínimo garantido, pero poderá incrementarse se houbera existencia suficiente no centro).

- Contía das axudas para adquirir libros de texto (1º,2º de E. Primaria)

- renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 €
- renda per cápita familiar superior a 6.000 € e inferior a 10.000 €: 140 €

- Contía da axuda para adquirir material escolar alumnado de E. Primaria:

- renda per cápita familiar ata 6.000 €: 50 €

Nota:

Renda familiar per cápita = renda familiar dividida entre o número de membros da familia computables.
Cálculo da renda familiar: suma das casillas **435** + **460** da renda de **2019**, dividida entre o número de membros da unidade familiar.*

Membros computables da unidade familiar (a 31 de decembro de 2019)

1.- Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- pais non separados legalmente nin divorciados ou titores do alumnado
- fillos menores de idade, salvo emancipados
- fillos maiores de idade con discapacidade, suxeitos á patria potestade
- fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar
- pais separados legalmente ou divorciados con custodia compartida que teñan fillos en común
- a persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.

2.- Cando **non exista vínculo matrimonial**, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Documentación a presentar:

- **Anexos I e II** (na web da Consellería de Educación, na secretaria do centro, na web do colexio, na aplicación Fondolibros e na sede electrónica da Xunta de Galicia).

- **Copia do Libro de familia** no que figuren todos os membros computables da unidade familiar.

Nos casos en que non teñan libro de familia ou que este non reflicta a situación familiar a 31 de decembro de 2019, poderán acreditar o número de membros empregando algún destes medios:

- no caso de separación ou divorcio, sentencia xudicial de separación ou divorcio ou o convenio regulador onde conste a atribución da custodia
- certificado ou volante de convivencia
- informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia

- **Certificado de discapacidade** de calquera membro computable da familia recoñecido por órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

- no caso de violencia de xénero no ámbito familiar, documentación que o acredite.

- resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

- resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

* As familias que teñan **máis de 1 fillo/a no centro, presentarán unha única solicitude**, agás se presentan a solicitude por vía electrónica na que será necesaria a presentación dunha solicitude para cada alumno.

* Farase a consulta automática dos seguintes datos: DNI ou NIE, Declaración da Renda, certificado do grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia e da percepción de pensión por calquera incapacidade da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade familiar, se é o caso.

* No caso de que os interesados NON autoricen a consulta automática destes datos, **TERÁN** que achegar a documentación correspondente.

Lugo, 20 de maio de 2021